



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DO CICLO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN DA AUGA.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 17 de decembro de 2019, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do Título de técnico superior en Xestión da Auga:

1. O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a realizar un plan específico de formación de profesorado que imparte neste título.
2. O Consello Escolar de Galicia insta á CEUFP a implantar estes títulos nos centros públicos que o tecido industrial demande.
3. Igualmente, recomenda a introdución de obxectivos concretos para o desenvolvemento dos aspectos reflectidos no capítulo V da lei 2/2014 de visibilidade e non discriminación do colectivo LGBTI.
4. Tamén recomenda a inclusión de obxectivos concretos contra a violencia de xénero. Non só citando no currículo correspondente que se debe tratar de modo transversal a erradicación da violencia de xénero, se non tamén explicitado naqueles módulos do currículo no que teña encaixe.
5. Para o artigo 9.aa (páxina 9), propón unha nova redacción que quedaría da seguinte forma: “Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición, nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, **lésbica, bisexual**, transexual, transxénero e intersexual.”
6. No apartado referido á ratio de alumando por aula, propón substituír “30” por “20” alumnos/as por aula nos módulos de carácter teórico, e “15” por “10” alumnos/as nos módulos prácticos.
7. No artigo 9 sobre obxectivos xerais (paxina 9), propón engadir un novo punto co seguinte texto: “Avaliar a importancia da prevención dos riscos laborais desde unha perspectiva de xénero. Riscos laborais no embarazo e lactación. Riscos psicosociais. Acoso.”
8. Finalmente, propón que se revise e actualice a data de implantación recollida na Disposición derradeira primeira.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2019

O Secretario

Álvaro Ariño Roure



V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés